



DECRETO

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025/2026 DO CEIP OZA DOS RÍOS

Por providencia da Alcaldía de data 5 de xuño de 2025 aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026 do CEIP de Oza dos Ríos nas que se regula o desenvolvemento das actividades extraescolares propostas polo CEIP que contribuirán a unha mellora da calidade educativa prestada ao alumnado ao tempo que facilitan a conciliación das familias e permiten un desenvolvemento máis sinxelo e eficiente de todos os plans de estudo.

Resultando que concluído o prazo de presentación de solicitudes de participación polo alumnado nas citadas actividades, recíbese escrito de data 3 de setembro de 2025 (Rexistro de entrada: 2025-E-RE-1096 desa mesma data) remitido pola Dirección do CEIP de Oza dos Ríos no que, en vista das numerosas solicitudes que tiveron as actividades de urban dance e teatro ofertadas solicita, para dar cabida a todo o alumnado solicitante das ditas actividades inscritos en tempo e forma, a modificación do número máximo de participantes destas actividades incrementandoo a 21 na actividade e urban dance e a 25 en teatro.

Á vista do exposto, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle son conferidas pola normativa vixente acorda:

Primeiro.- Acceder ao solicitado pola Dirección do CEIP de Oza dos Ríos e dar unha nova redacción ás citadas actividades na táboa contida na cláusula 3.1 das bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026 do CEIP de Oza dos Ríos co seguinte contido:

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN
PATINAXE	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes
URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	21	Pavillón Lois Ou Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TEATRO	Martes ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	25	Aula de psicomotricidade do colexio	8€/mes
XIMNASIA RÍTMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes
PINTURA	Mércores ou Venres	15:30h a 16:30h	10	16	Planta baixa Casa Consistorial	8€/mes
Tenis/Padel	Venres	16:00 h a 17:00 h	10	16	Pistas Complexo Deportivo de Salto	8€/mes





*** Naquelas actividades en que os lugares de desenvolvemento das actividades non se encontren dentro do recinto escolar os pais ou titores encargados das nenas e nenos participantes ou persoa autorizada deberán encargarse do seu desprazamento.*

- As actividades extraescolares rematarán o 31 de maio de 2026.

Segundo.- Expoñer ao público o presente acordo na páxina web do Concello.

Oza-Cesuras, na data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE,

A SECRETARIA ACCIDENTAL

Ado./ José Pablo González Cacheiro

Asdo./ M. Belén García otero

